

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6569 *Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.*

O Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello, e a Decisión 2004/585/CE do Consello (en diante, PPC), ten entre os seus obxectivos eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e crear condicións para que as actividades da produción pesqueira e acuícola, incluída a transformación e comercialización, sexan economicamente viables e competitivas, tendo en conta os intereses dos produtores e consumidores.

O Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) n.º 1184/2006 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello (en diante, OCM), foi desenvolvido parcialmente polo Regulamento de execución (UE) n.º 1418/2013 da Comisión, do 17 de decembro de 2013, relativo aos plans de produción e comercialización en virtude do Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, e polo Regulamento de execución (UE) n.º 1419/2013 da Comisión, do 17 de decembro, relativo ao recoñecemento das organizacións de produtores e das organizacións interprofesionais, á aplicación extensiva das normas das organizacións de produtores e das organizacións interprofesionais e á publicación dos prezos de activación, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

Xunto coa PPC e o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, aprobado polo Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2328/2003, (CE) n.º 861/2006, (CE) n.º 1198/2006 e (CE) n.º 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) n.º 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, os regulamentos citados conforman os piares da política europea en materia de actuación das organizacións profesionais, obxecto da regulación do presente real decreto.

As organizacións de produtores da pesca e da acuicultura (OPP), as asociacións de organizacións de produtores da pesca e da acuicultura (AOP) e as organizacións interprofesionais (OIP) constitúen as organizacións profesionais do sector pesqueiro. Están definidas na OCM como o sector da economía que comprende todas as actividades de produción, transformación e comercialización dos produtos da pesca ou da acuicultura (en diante, sector pesqueiro).

O papel destas organizacións e as súas ferramentas de actuación víronse potenciados pola nova OCM. O seu funcionamento debe ser independente do das actividades dos seus membros, en que cobra unha especial relevancia a necesidade de contar cunha estrutura propia e cunha xerencia profesionalizada, de maneira que se mellore a rendibilidade social, económica e ambiental derivada das súas actividades.

A lexislación española en materia de OPP recóllese nos artigos 52 a 55 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e no Real decreto 724/2003, do 13 de xuño, polo que se regulan as organizacións de produtores da pesca e da acuicultura e as

súas asociacións. Este real decreto tiña a súa orixe no Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, polo que quedou obsoleto e procede a súa derrogación.

Por outro lado, as OIP son reguladas pola Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, actualizada pola Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria. A OCM regula as OIP da pesca e da acuicultura tendo en conta as particularidades diferenciadoras con respecto a OIP doutros sectores agroalimentarios, polo que procede o seu desenvolvemento neste real decreto.

O capítulo I deste real decreto define a estrutura das organizacións profesionais e determina as diferentes modalidades en que se encadran, en función do seu tipo de produción.

Esta agrupación deriva da propia OCM, que recolle no seu artigo 6.2 a toma en consideración dos produtores a pequena escala para constituír OPP. Con este fin, considérase que as OPP deben ser homoxéneas na súa estrutura produtiva, para defenderen de maneira máis eficaz os intereses dos seus membros.

Débese avanzar na profesionalización das organizacións profesionais, en que se destacan as AOP, ao permitir a OCM aplicar medidas como a extensión de normas ou a posibilidade da presentación dun plan de produción e comercialización, sempre baixo o abeiro das normas de competencia establecidas no capítulo V da OCM.

Ademais, o recoñecemento e a competencia para a xestión das OPP e AOP que recollía o Real decreto 724/2003, do 13 de xuño, débense actualizar para o cal se establece unha xustificación dunha actividade económica baseada nuns limiares mínimos de actividade segundo sexa de ámbito autonómico ou nacional, de maneira que se garanta un funcionamento eficiente e independente destas. Con este mesmo fin, fíxase unha cota mínima anual que deberán satisfacer os socios para o mantemento da súa estrutura.

Do mesmo modo, débese fomentar a creación de OIP de maneira que a rama da produción e a rama transformadora ou comercializadora poidan alcanzar obxectivos comúns e coordinados na comercialización dos seus produtos. No sector pesqueiro cobra relevancia a posibilidade de se constituír con ámbito transnacional para poder competir nun mercado máis globalizado, segundo o disposto na Lei 38/1994, do 30 de decembro.

Para que as organizacións profesionais e as diferentes administracións traballen dunha maneira máis eficaz, a Secretaría Xeral de Pesca porá á súa disposición un sistema informático común. Este sistema permitiralles unha mellor xestión das obrigacións que recolle a OCM en materia de goberno e financiamento.

A OCM e o Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, se modifican os regulamentos (CE) n.º 847/96, (CE) n.º 2371/2002, (CE) n.º 811/2004, (CE) n.º 768/2005, (CE) n.º 2115/2005, (CE) n.º 2166/2005, (CE) n.º 388/2006, (CE) n.º 509/2007, (CE) n.º 676/2007, (CE) n.º 1098/2007, (CE) n.º 1300/2008 e (CE) n.º 1342/2008, e se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 2847/93, (CE) n.º 1627/94 e (CE) n.º 1966/2006, determinan unha serie de controis que deben realizar as diferentes administracións para garantir o adecuado funcionamento das súas organizacións profesionais. Para tal efecto, recóllese a periodicidade en que se deben realizar estes controis, así como a definición dun protocolo común, consensuado entre as administracións competentes.

Actualízase o rexistro das OPP e AOP adscrito á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, creado polo Real decreto 724/2003, do 13 de xuño, que agora se derroga, e trasládanse a el as organizacións xa existentes, a información que debe conter o dito rexistro e a consulta pública dos seus datos.

O capítulo II enumera as medidas que poden desenvolver as organizacións profesionais, define os prazos de presentación e os procedementos que se deben seguir.

Débese fixar un procedemento para resolver adecuadamente a aplicación dunha extensión de norma por unha organización profesional de maneira que a súa entrada en vigor poida ser prevista coa suficiente antelación pola dita organización para a mellor planificación das súas actividades. Esta debe ser autorizada, en todo caso, pola Comisión Europea.

De igual maneira se regulan as características e os prazos de presentación dos plans de produción e comercialización, así como os informes anuais que deben presentar as OPP e, se for o caso, as AOP.

O mecanismo de almacenamento previsto no artigo 30 do Regulamento da OCM está dotado con 10.149.073 euros para España no período 2014-2018. Débense establecer os criterios necesarios para garantir a súa aplicación durante o período indicado.

No caso dos produtos estabilizados a bordo, estes acostuman pórse á venda antes da súa chegada ao porto, polo que os armadores coñecen con anterioridade ao seu desembarque se van usar o mecanismo de almacenamento. Por isto, ao contrario que no caso de produtos desembarcados en fresco, non será obrigatorio cubrir unha nota de venda en aplicación do artigo 7.n) do Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros, ben que deberán efectuar unha declaración de recollida que conteña os produtos que se vaian almacenar até que se produza a súa primeira venda, momento en que se realizará a nota de venda correspondente.

Así pois, no presente real decreto establécese a normativa básica que regula as organizacións profesionais no sector pesqueiro, co fin de conseguir un maior nivel de asociacionismo que redunde nunha mellora da competitividade do sector.

A disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e a disposición derradeira primeira da Lei 38/1994, do 30 de decembro, facultan o Goberno para o seu desenvolvemento regulamentario.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e o sector pesqueiro afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xuño de 2016,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto regular as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, segundo o establecido no Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) n.º 1184/2006 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello.

CAPÍTULO I

Das organizacións profesionais

Sección 1.ª Características das organizacións profesionais

Artigo 2. *Disposicións xerais.*

1. Para efectos do presente real decreto, empregaranse as definicións recollidas:

a) No Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das

normas da política pesqueira común, se modifican os regulamentos (CE) n.º 847/96, (CE) n.º 2371/2002, (CE) n.º 811/2004, (CE) n.º 768/2005, (CE) n.º 2115/2005, (CE) n.º 2166/2005, (CE) n.º 388/2006, (CE) n.º 509/2007, (CE) n.º 676/2007, (CE) n.º 1098/2007, (CE) n.º 1300/2008 e (CE) n.º 1342/2008, e se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 2847/93, (CE) n.º 1627/94 e (CE) n.º 1966/2006.

b) No Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) n.º 1184/2006 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello.

c) No Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello, e a Decisión 2004/585/CE do Consello.

d) No Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2328/2003, (CE) n.º 861/2006, (CE) n.º 1198/2006 e (CE) n.º 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) n.º 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

e) Na Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias.

f) Na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

g) Na Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

h) No Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.

2. As organizacións profesionais están integradas, segundo establece o Regulamento (UE) n.º 1379/2013, do 11 de decembro, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura (OCM), polas organizacións de produtores pesqueiros (OPP), as asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP) e as organizacións interprofesionais (OIP) que cumpran os requisitos establecidos no presente real decreto. Poderán ter ámbito autonómico, nacional ou transnacional e deberán perseguir e aplicar os obxectivos e medidas establecidos na OCM e no Regulamento (UE) n.º 1380/2013, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común (PPC).

3. Así mesmo, serán de aplicación as seguintes definicións:

a) Organización de produtores pesqueiros de ámbito nacional: é aquela organización de produtores pesqueiros que conte con membros cuxas unidades de produción radiquen en dúas ou máis comunidades autónomas, sempre e cando en ningunha comunidade autónoma se supere o 80% de produción, expresada en toneladas, do conxunto da organización.

Tamén se poderán considerar de ámbito nacional as organizacións de produtores pesqueiros que así o soliciten e que non alcancen a porcentaxe prevista no punto anterior, se obteñen máis do 50% da súa produción, expresada en toneladas, en caladoiros distintos ao caladoiro nacional, logo do informe favorable da comunidade autónoma.

b) Organización transnacional de produtores: é aquela organización de produtores con sede social en España na cal ao menos unha unidade de produción está situada noutro Estado membro.

c) Organización de produtores de ámbito autonómico: é aquela organización de produtores non incluída nas letras a) e b).

d) Organización de produtores conxunta de pesca e acuicultura: é aquela organización de produtores que posúa modalidades de pesca e acuicultura, segundo o establecido no artigo 2.4, cando ningunha delas supere o 90% da produción, expresada en toneladas, do conxunto da organización. Poderán ser recoñecidas pola fusión de dúas ou

máis organizacións de produtores existentes para crear unha nova ou ser de nova creación e ter carácter nacional, autonómico ou transnacional, de igual maneira que o disposto nas letras e), f) e g).

e) Asociación transnacional de organizacións de produtores: é aquela asociación de organizacións de produtores con sede social en España na cal ao menos unha das organizacións de produtores asociadas estea radicada noutro Estado membro.

f) Asociación de organizacións de produtores de ámbito autonómico: é aquela asociación de organizacións de produtores en que todas as organizacións de produtores que a conforman son competencia da mesma comunidade autónoma.

g) Asociación de organizacións de produtores de ámbito nacional: é aquela asociación de organizacións de produtores non incluída nas letras e) e f).

h) Organización transnacional interprofesional: é aquela organización interprofesional con sede social en España, na cal ao menos unha ou varias das ramas (produción, comercialización e transformación) están compostas por operadores que se encontran situados noutro Estado membro, sen prexuízo do establecido na Lei 38/1994, do 30 de decembro.

i) Reestruturación de OPP e AOP: consiste na fusión ou escisión dunha OPP e AOP, logo de autorización da Administración competente. Para efectos das axudas correspondentes, considerarase como a creación de OPP e AOP.

j) Mariñeiros á parte: mariñeiros profesionais que obteñan o seu salario en función das capturas realizadas por un buque pesqueiro, contabilizado como unha parte do total do valor económico das ditas capturas.

4. As organizacións de produtores pesqueiros agruparanse segundo as seguintes modalidades:

a) Do sector da pesca.

1.º Segmento de pesca de altura e grande altura. Constituídas por produtores con buques que operen en máis dun 50%, medido en cómputo anual, en caladoiros da Unión Europea e caladoiros internacionais, independentemente da arte de pesca utilizada, cunha duración media da marea superior a cinco días.

2.º Segmento de pesca litoral. Constituídas por produtores con buques que operen no caladoiro nacional ou noutros caladoiros contiguos a el, independentemente da arte de pesca utilizada, cunha duración media da marea de entre un e cinco días.

3.º Segmento de pesca local. Constituídas por produtores con buques cuxa actividade, independentemente da arte de pesca utilizada, teña unha duración media da marea inferior a un día.

4.º Outros segmentos da pesca, incluídas as almadrabas ou o marisqueo.

b) Do sector da acuicultura.

1.º Segmento de acuicultura mariña. Constituídas por produtores cuxa produción se realice con auga de mar ou salobre.

2.º Segmento de acuicultura continental. Constituídas por produtores cuxa produción se realice con auga doce.

c) Conxuntas de pesca e acuicultura. Constituídas pola combinación dalgún dos segmentos indicados na letra a) e dos segmentos indicados na letra b).

5. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, e unha vez encadrada a OPP ou AOP na modalidade e no segmento correspondentes, até un 20% das unidades de produción poderá pertencer a dous segmentos diferentes, dentro da mesma modalidade.

6. As organizacións interprofesionais no sector pesqueiro poderanse recoñecer para un sector ou un produto pesqueiro ou un produto transformado a base de produtos pesqueiros, sen prexuízo do establecido no artigo 5 da Lei 38/1994, do 30 de decembro.

7. As organizacións profesionais deberán dispor dunha estrutura organizativa propia dotada do persoal, da infraestrutura e do equipamento necesarios para poder cumprir as

obrigacións establecidas na normativa europea e nacional, en particular, o coñecemento da produción dos seus membros e a xestión orzamentaria.

8. As organizacións profesionais no seu funcionamento deberanse rexer polo disposto no capítulo V da OCM, así como na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Artigo 3. *Das organizacións de produtores pesqueiros.*

1. Poderá ser recoñecida como organización de produtores toda persoa xurídica con sede no territorio nacional, integrada por, ao menos, dous produtores, nacionais e doutros Estados membros, que cumpran os obxectivos e as condicións dos artigos 7, 14 e 17 do Regulamento da OCM, así como os establecidos no presente real decreto. Deberán establecer nos seus estatutos as disposicións relativas á súa xestión e destino do patrimonio en caso de disolución, sen prexuízo da normativa que as afecte.

2. Establécese para os membros dunha OPP un período mínimo de permanencia nela dun ano natural desde a data da súa admisión pola OPP. Unha vez transcorrido o dito período, a renuncia á condición de membro comunicárase por escrito cunha antelación de, ao menos, catro meses á data efectiva de baixa. En caso de non comunicalo no prazo citado, o socio manterá a súa condición sen poder ingresar nunha nova OPP até que transcorra o dito período de permanencia e sen prexuízo do disposto nos seus estatutos.

3. Deberán exercer unha actividade económica suficiente, no ámbito territorial dunha comunidade autónoma, ou no territorio nacional, incluíndo neste último caso as OPP que incorporen membros doutros Estados membros, que se considerarán de ámbito transnacional. A dita actividade económica calcularase segundo os seguintes parámetros:

a) No caso de OPP de ámbito autonómico, deberán obter, ao menos, unha produción cuxo valor económico supere os catro millóns de euros, calculados segundo a produción media dos últimos tres anos anteriores á solicitude.

b) No caso de OPP de ámbito nacional ou transnacional, deberán obter, ao menos, unha produción cuxo valor económico supere os sete millóns de euros anuais, calculados segundo a produción media dos últimos tres anos anteriores á solicitude.

c) Segundo o artigo 6.2 da OCM, no caso de OPP encadradas segundo o artigo 2.4.a.3.º, 2.4.a.4.º e 2.4.b), a Administración competente poderá minorar até nun 75% o valor económico establecido nas letras a) e b). Deberá xustificar na resolución de recoñecemento esta circunstancia, con base en criterios de dependencia dunha especie, produto pesqueiro, localización xeográfica determinada ou razóns de interese social.

4. Segundo o establecido no artigo 17.c) da OCM, as OPP establecerán unha cota mínima anual que satisfarán proporcionalmente os seus membros e que deberán incluír nos seus estatutos. Esta cota non será inferior a corenta mil euros anuais, no caso de OPP de ámbito autonómico, e de setenta mil euros anuais no caso de OPP de ámbito nacional e transnacional, con obxecto de cumprir o disposto no artigo 2.7.

5. Os membros das OPP só poderán ser produtores profesionais que asuman o risco e ventura da actividade, é dicir, armadores ou marifeiros á parte que se encontren en activo no caso da pesca extractiva con buque, persoas físicas con licenza profesional no caso de pesca extractiva sen buque ou marisqueo, empresas titulares de almadrabas ou titulares de instalacións acuícolas.

6. O recoñecemento dunha OPP, así como a súa modificación e retirada, corresponderá aos órganos competentes das comunidades autónomas no caso de ámbito autonómico. No resto dos supostos corresponderá á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

7. Unha OPP, xa sexa nacional ou autonómica, que incorpore produtores doutro Estado membro, será considerada OPP de carácter transnacional se cumpre os requisitos do presente real decreto. A dita solicitude non suporá a desaparición da OPP senón a actualización do seu recoñecemento, e manterá o mesmo número de orixe.

8. Un membro dunha OPP española non poderá pertencer a outra OPP española. No caso de OPP transnacionais con sede social en España, as posibles axudas ou subvencións correspondentes a produtores procedentes doutro Estado membro deberán ser aboadas polo dito Estado membro.

9. Sen prexuízo das obrigacións establecidas na normativa comunitaria e nacional, as organizacións de produtores pesqueiros están obrigadas a:

- a) Facer constar por escrito as normas que adopten.
- b) Velar polo cumprimento, por parte dos produtores asociados, das normas estatutariamente adoptadas.
- c) Facilitar o labor de inspección e subministrar a documentación e información que se precise por requirimento da Administración competente.

10. As OPP poderán percibir apoio financeiro pola súa creación, segundo o previsto no artigo 68 do Regulamento (UE) n.º 508/2014, do 15 de maio de 2014.

Artigo 4. *Das asociacións de organizacións de produtores pesqueiros.*

1. As AOP estarán constituídas por un mínimo de tres organizacións de produtores pesqueiros e adoptarán a personalidade xurídica de asociación, segundo o establecido no artigo 5 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e estarán inscritas no Rexistro Nacional de Asociacións, segundo establece o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o seu regulamento, ou no rexistro autonómico correspondente segundo o seu ámbito de actuación.

2. Segundo as definicións do artigo 2.3, a Administración competente poderá recoñecer as AOP, constituídas por iniciativa das OPP interesadas, cando reúnan os requisitos establecidos nos artigos 14 e 17 da OCM e do presente real decreto.

3. As asociacións de organizacións de produtores perseguirán os obxectivos da OCM e a PPC, de maneira que se alcancen de forma máis eficiente e sustentable que as OPP por separado.

4. Para calquera tipo asociación que pretenda ser recoñecida, xa sexa autonómica, nacional ou transnacional, deberán obter, ao menos, unha produción cuxo valor económico supere os vinte millóns de euros anuais, calculados segundo a produción media das OPP que a conformen, dos últimos tres anos anteriores á solicitude.

5. As AOP poderán estar conformadas por OPP de diferentes segmentos, sempre que se encontren encadradas na mesma modalidade das establecidas no artigo 2.4. No caso dunha OPP conxunta de pesca e acuicultura, poderase asimilar á modalidade maioritaria na súa composición ou estar composta por, ao menos, tres OPP conxuntas de pesca e acuicultura.

6. Unha organización de produtores con sede social en España non poderá pertencer a máis dunha asociación de organizacións de produtores pesqueiros con sede social en España. No caso de AOP transnacionais con sede social en España que incorporen organizacións de produtores pesqueiros doutros Estados membros, as posibles axudas ou subvencións que correspondan a estas OPP deberán ser aboadas polo dito Estado membro.

7. Segundo o establecido no artigo 17.c) da OCM, as AOP establecerán unha cota mínima anual que satisfarán proporcionalmente os seus membros e que deberán incluír nos seus estatutos. Esta cota non será inferior a corenta mil euros anuais, con obxecto de cumprir o disposto no artigo 2.7.

8. Sen prexuízo do disposto no presente artigo, as disposicións para as OPP recollidas nos números 1, 2, 6, 7, 9 e 10 do artigo 3 serán de aplicación ás AOP.

Artigo 5. *Das organizacións interprofesionais do sector pesqueiro.*

1. Constituídas por iniciativa dos operadores, estarán compostas por organizacións asociativas representativas da produción, da transformación e, se for o caso, da comercialización.

2. Deberán cumprir os requisitos previstos na Lei 38/1994, do 30 de decembro, e nos artigos 16 e 17 do Regulamento da OCM.

3. As OIP constituiranse como asociacións sen ánimo de lucro. Deberán abranguer, ao menos, un 51% das producións afectadas en todas e cada unha das ramas profesionais que as conformen.

4. Segundo o establecido no artigo 17.c) da OCM, as OIP establecerán unha cota mínima anual que satisfarán proporcionalmente os seus membros e que deberán incluír nos seus estatutos. Esta cota non será inferior a corenta mil euros anuais, con obxecto de cumprir o disposto no artigo 2.7.

5. Estas OIP deberán mellorar a coordinación e as condicións para garantir a dispoñibilidade dos produtos pesqueiros no mercado mediante a aplicación das medidas recollidas no artigo 13 do Regulamento da OCM e no artigo 3 da Lei 38/1994, do 30 de decembro.

6. As OIP poderán percibir apoio financeiro pola súa creación, segundo o previsto no artigo 68 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

Sección 2.ª Xestión e control de organizacións profesionais

Artigo 6. Sistema informático de xestión e funcionamento de organizacións profesionais.

1. A Secretaría Xeral de Pesca porá á disposición das comunidades autónomas e das organizacións profesionais un sistema informático de uso compartido e obrigatorio para a xestión das medidas recollidas na OCM, entre elas, a subministración das estatísticas de produción e dos datos dos seus membros, sen prexuízo do desenvolvemento que adicionalmente poidan efectuar as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

2. Este sistema informático estará conectado con outras aplicacións da Administración xeral do Estado, de maneira que as organizacións profesionais poderán acceder aos datos dos seus socios relacionados coa súa actividade e para o cumprimento dos seus fins, segundo o disposto no artigo 6 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 7. Control de organizacións profesionais.

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elaborará un programa nacional de control das organizacións profesionais, conforme o establecido na OCM, nos artigos 69 e 70 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro, e na Lei 38/1994, do 30 de decembro, que será aprobado pola Conferencia Sectorial.

2. As administracións competentes deberán realizar un control de todas as súas organizacións profesionais antes do 31 de decembro de 2017, sen prexuízo dos controis que poida realizar a Comisión Europea, segundo o disposto no artigo 20 do Regulamento da OCM.

3. No caso de que a Administración competente propoña a retirada do recoñecemento, as organizacións profesionais disporán dun prazo de dous meses para presentar alegacións desde o día seguinte ao da notificación da Administración competente, sen prexuízo do establecido no artigo 11 da Lei 38/1994, do 30 de decembro.

Artigo 8. Rexistro de organizacións profesionais.

1. Créase na Secretaría Xeral de Pesca, adscrito á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, o Rexistro Xeral de Organizacións de Produtores Pesqueiros e Asociacións de Organizacións de Produtores Pesqueiros. Un extracto deste rexistro publicarase con periodicidade semestral na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. Para efectos do disposto no número anterior, as comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente as resolucións favorables ao recoñecemento, as modificacións e as de retirada daquel, no prazo dun mes contado desde a data das ditas resolucións.

O prazo para que a Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente inscriba no Rexistro as resolucións favorables ao recoñecemento, as modificacións e as de retirada daquel nos casos en que sexa competente será dun mes.

3. Como máis tarde, no prazo de dous meses desde a data da resolución de recoñecemento ou retirada deste, a Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente notificará á Comisión Europea un extracto segundo o establecido no Regulamento de execución (UE) n.º 1419/2013 da Comisión, do 17 de decembro, relativo á aplicación extensiva das normas das organizacións de produtores e das organizacións interprofesionais e á publicación dos prezos de activación, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro.

4. As administracións competentes deberán publicar un extracto da resolución de recoñecemento ou retirada deste no boletín oficial correspondente no prazo máximo de dous meses desde a súa sinatura.

5. O rexistro constará de seis seccións, onde se inscribirán as OPP de ámbito nacional, as OPP de ámbito autonómico, as OPP de ámbito transnacional, as AOP de ámbito nacional, as AOP de ámbito autonómico e as AOP de ámbito transnacional.

6. O rexistro asignará un número de orde correlativo, que se encadrará por segmentos, e inscribiranse os datos de recoñecemento.

7. No caso de OIP, o seu rexistro rexeráse polo disposto no artigo 14 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, e no Real decreto 705/1997, do 16 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias.

Sección 3.ª Recoñecemento

Artigo 9. Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes para o recoñecemento como organización de produtores pesqueiros ou como asociación destas dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma ou á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, segundo corresponda, e irán acompañadas, ao menos, da seguinte documentación:

a) Escritura de constitución ou, se for o caso, certificado de inclusión no rexistro correspondente de asociacións ou calquera outro documento acreditativo da adquisición de personalidade xurídica, con indicación dos nomes das persoas para actuaren en nome e por conta da OPP ou da AOP.

b) Declaración responsable por escrito de cada socio produtor, na cal se manifeste a voluntariedade da súa adhesión e o coñecemento dos estatutos da organización.

As solicitudes dirixidas ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente suporán a autorización ao órgano xestor para comprobar os datos de identidade, de acordo co Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes. En caso contrario, deberá achegar copia do DNI, CIF ou NIE.

c) Relación de buques, instalacións de almadrabas, instalacións acuícolas ou outros medios de produción.

d) Produción por especie dos tres últimos anos, expresada en toneladas e euros, de cada un dos seus membros.

- e) Estatutos adaptados á OCM, en particular aos seus artigos 14 e 17.
- f) Memoria xustificativa das actividades que se pretendan levar a cabo, axustada aos obxectivos e medidas dos artigos 7 e 8 do Regulamento da OCM, así como a estrutura e o persoal para levalas a cabo, segundo o artigo 2.7 do presente real decreto.
- g) O incumprimento dos requisitos establecidos neste punto será motivo de resolución desestimatoria.

2. No caso das solicitudes de OIP, observarase o disposto no artigo 4 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, no Real decreto 705/1997, do 16 de maio, e nos artigos 16 e 17 da OCM.

Artigo 10. *Prazos para resolver.*

1. De conformidade co disposto no artigo 2 do Regulamento de execución (UE) n.º 1419/2013 da Comisión, do 17 de decembro, as solicitudes de recoñecemento das organizacións profesionais deberán ser resoltas dentro dos tres meses seguintes, a partir do día en que tivese entrada no rexistro do órgano competente para resolver toda a documentación necesaria.

2. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución expresa, poderase entender estimada a solicitude.

3. Contra a resolución do recoñecemento da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, que non esgota a vía administrativa, caberá interpor recurso de alzada ante o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no prazo máximo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación.

CAPÍTULO II

Medidas que poden adoptar as organizacións profesionais

Sección 1.^a *Extensión de normas*

Artigo 11. *Extensión de normas das organizacións profesionais.*

1. De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento da OCM, as OPP e as AOP que sexan representativas da produción poderán solicitar á Administración competente facer obrigatorias determinadas normas para os produtores non membros que comercialicen os seus produtos no ámbito territorial para as que se encontran recoñecidas.

2. Unha OPP ou AOP considerárase representativa se, na zona á cal se propón que se estendan as normas, comercializou durante o ano anterior ao menos o 55% das cantidades, expresada en toneladas, no caso da pesca, ou de ao menos o 40%, expresada en toneladas, no caso da acuicultura, das cantidades da especie ou produto de que se trate. As OPP conxuntas de pesca e acuicultura asimílaranse de maneira equivalente ao disposto no artigo 4.5.

3. As OPP e AOP poderán solicitar unha extensión de norma a partir dun ano natural desde a data da resolución de recoñecemento pola Administración competente.

4. A extensión de normas que soliciten as OPP e AOP poderase aplicar para as seguintes medidas:

- a) Axuste da produción ás exigencias do mercado, mediante a limitación de capturas ou desembarques.
- b) Canalización da oferta e a comercialización dos produtos dos seus membros.
- c) Promoción dos produtos da pesca e da acuicultura dos seus membros.
- d) Evitar e reducir ao mínimo as capturas non desexadas.
- e) Recollida de información ambiental.
- f) Planificación da xestión das actividades acuícolas.
- g) Outras medidas incluídas na OCM.

5. A Administración competente poderá decidir que os produtores non membros aboan á OPP ou AOP unha cantidade equivalente aos custos aboados polos membros como resultado da aplicación da extensión das normas.

Non se poderán repercutir gastos de funcionamento da OPP ou AOP que non correspondan ao custo das accións.

6. No caso de OIP, observarase o disposto no artigo 22 da OCM e no artigo 8 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, sen prexuízo do establecido no número anterior.

Artigo 12. *Autorización da extensión de norma.*

1. Unha extensión de norma só se poderá aplicar coa autorización previa da Comisión Europea. Se for o caso, as comunidades autónomas deberán remitir á Secretaría Xeral de Pesca unha copia do expediente completo para a súa preceptiva notificación, segundo o disposto no Regulamento de execución (UE) n.º 1419/2013 da Comisión, do 17 de decembro.

2. En caso de que a Comisión Europea non adopte unha decisión dentro do prazo dun mes desde a recepción da notificación, considerarase que a extensión das normas foi autorizada pola Comisión.

3. A Administración competente poderá desestimar a solicitude de estender as normas, mediante resolución motivada, cando aprecie que a solicitude non se axusta ás condicións establecidas na lexislación comunitaria ou nacional. Contra a resolución da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, que non esgota a vía administrativa, caberá interpor recurso de alzada ante o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no prazo máximo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación.

4. As normas que se vaian estender a aqueles que non sexan membros da organización profesional interesada aplicaranse durante un período comprendido entre 60 días e 12 meses no caso de OPP e AOP e de entre 6 meses e tres anos no caso de OIP.

5. A extensión das normas previamente autorizadas poderase prorrogar por períodos similares á duración inicial, logo de notificación á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, dous meses antes da finalización da súa vixencia e sempre que non exista oposición por parte da Comisión Europea.

6. A proposta de modificación dos termos dunha extensión de norma previamente autorizada deberá seguir o procedemento establecido no número 1.

7. A extensión de norma adoptárase mediante orde ministerial ou disposición regulamentaria autonómica que para o efecto determine a comunidade autónoma e publicárase no «Boletín Oficial del Estado» ou diario oficial correspondente.

8. A Comisión Europea poderá revogar a autorización dunha extensión de norma aprobada previamente se constata o incumprimento dos requisitos da dita aprobación. A Administración competente deberá habilitar, na disposición que regule a extensión da norma, unha reserva para poder suspender a súa aplicación mediante resolución do órgano competente.

Artigo 13. *Documentación e prazos.*

1. Unha extensión de norma só poderá ser solicitada por unha única organización profesional á Administración competente, sen que sexa posible unha solicitude conxunta de varias organizacións profesionais co mesmo obxecto.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 10 do Real decreto 705/1997, do 16 de maio, as solicitudes dirixiranse á Administración competente, acompañadas da seguinte documentación:

a) Acta do acordo en que conste a decisión de solicitar a extensión de normas. No caso de OIP necesitarase, ademais, copia dos estatutos.

b) Memoria xustificativa da extensión de normas proposta, que debe conter a seguinte información:

- 1.º Nome e enderezo da organización profesional de que se trate;
- 2.º Normas cuxa aplicación extensiva prevexan;

- 3.º Xustificación da aplicación extensiva das normas, baseada en datos adecuados e outra información pertinente;
 - 4.º Ámbito ou ámbitos en que se prevé facer obrigatorias as normas;
 - 5.º Período de validez da aplicación extensiva das normas;
 - 6.º Data de entrada en vigor.
- c) Documentación acreditativa da representación da organización profesional.
3. O prazo para solicitar unha extensión de norma á Administración competente será de, ao menos, catro meses de antelación á data prevista de entrada en vigor.

Sección 2.ª Plans de produción e comercialización das OPP e AOP

Artigo 14. Características e prazos.

1. As OPP recoñecidas presentarán un plan de produción e comercialización anual ou plurianual ante a súa Administración competente antes do 31 de outubro do ano en que finalice a vixencia do seu plan aprobado.

2. Este plan recollerá as medidas establecidas no artigo 8 do Regulamento da OCM, de maneira que se alcancen os obxectivos dos seus artigos 3 e 7 e o contido mínimo do seu artigo 28.2. Para isto, observarase o disposto no Regulamento de execución (UE) n.º 1418/2013 da Comisión, do 17 de decembro de 2013, relativo aos plans de produción e comercialización, en virtude do Regulamento (UE) n.º 1379/2013, do 11 de decembro, e a Recomendación (2014/117/UE) da Comisión Europea ou as súas actualizacións.

3. As OPP de novo recoñecemento presentarán un plan no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da resolución de recoñecemento, cun prazo de aplicación deste até o 31 de decembro do ano seguinte ao seu recoñecemento. Posteriormente, poderán presentar un plan anual ou plurianual.

4. As campañas para a aplicación dos plans de produción e comercialización comprenderán o período entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro, sen prexuízo do indicado no número anterior.

5. A Administración competente estudará e, se for o caso, aprobará os plans de produción e comercialización nos prazos establecidos nos artigos 2 e 3 do Regulamento de execución (UE) n.º 1418/2013 da Comisión, do 17 de decembro; transcorridos estes prazos, entenderase concedida.

6. As OPP poderán propor a modificación dos plans xa aprobados para unha nova aprobación. Poderase realizar unha soa vez por campaña, tal e como establece o número 4, e só caberá unha segunda modificación nunha mesma campaña por razóns excepcionais debidamente motivadas.

7. Os plans aprobados serán notificados ás OPP mediante resolución do órgano competente, e conterán nela un extracto das medidas con contido económico. A Administración competente notificará á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a aprobación dos plans nun prazo de 15 días desde a data da resolución e, así mesmo, trasladarase a súa información á aplicación informática establecida no artigo 6.

8. Potestativamente, as AOP poderán presentar un plan de produción e comercialización que inclúa medidas que afecten o conxunto das OPP que as integren, de igual maneira que unha OPP, segundo establece o presente artigo. Non obstante, as OPP que integran a AOP deberán presentar un plan de produción e comercialización ante a Administración competente.

Artigo 15. Informes anuais.

1. As OPP e AOP, se for o caso, presentarán á Administración competente un informe anual sobre a aplicación dos plans de produción e comercialización aprobados, xa sexan anuais ou plurianuais, antes do 28 de febreiro de cada ano.

2. O informe anual terá a mesma estrutura que os plans de produción e comercialización establecidos no artigo 14.2, e incluírá en cada sección as variacións e o grao de execución das medidas indicadas no plan aprobado.

3. A Administración competente revisará e, se for o caso, aprobará os informes anuais da mesma maneira que para os plans de produción e comercialización, segundo o establecido no artigo 14.

4. A non presentación ou a non aprobación dos informes anuais ou dun plan de produción e comercialización comportará a retirada do recoñecemento da OPP ou AOP.

5. As OPP e AOP poderán percibir apoio financeiro pola preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización, segundo o previsto no artigo 66 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, sempre que se producise a aprobación do informe anual, sen prexuízo do disposto nas bases reguladoras e convocatorias correspondentes.

Sección 3.^a Estabilización de mercados

Artigo 16. Disposicións sobre o mecanismo de almacenamento.

1. As OPP e AOP poderán utilizar o mecanismo de almacenamento previsto no artigo 30 da OCM. Non obstante, deberán adoptar as medidas necesarias para evitar o seu uso de maneira habitual.

2. Mediante resolución do secretario xeral de Pesca publicaranse no *Boletín Oficial del Estado*, no cuarto trimestre de cada ano e para a campaña seguinte, os prezos de activación previstos no artigo 31 do Regulamento da OCM e os custos técnicos e financeiros previstos no artigo 67 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

3. Os almacenamentos tomaranse en conta seguindo as campañas establecidas no artigo 14.4. Aqueles almacenamentos que superen os catro meses, coa excepción do método de salgadura e mariñado indicados no artigo 30.d) da OCM, non serán subvencionables para efectos das convocatorias correspondentes, e a contía máxima por almacenamento será a establecida na resolución correspondente para un mes de almacenamento.

4. Nas convocatorias de axudas correspondentes terá prioridade a estabilización en terra dos produtos que se desembarquen en fresco fronte aos produtos estabilizados a bordo.

5. No caso de que o produto posto á venda en vivo, fresco ou refrixerado por un membro dunha OPP non supere o valor establecido no prezo de activación correspondente e este decida utilizar o mecanismo de almacenamento, a OPP deberá comprar aos seus asociados o produto ao prezo de activación que se estableza segundo o número 3, cubrir unha nota de venda e indicar nela que o seu destino é o almacenamento, tal e como dispón o artigo 7 do Real decreto 418/2015, do 29 maio.

6. No caso de que o produto posto á venda fose estabilizado a bordo por un membro dunha OPP, non supere o valor establecido no prezo de activación correspondente e este decida utilizar o mecanismo de almacenamento, a OPP deberá efectuar unha declaración de recollida até que se reintroduza no mercado, momento en que se deberá confeccionar a nota de venda correspondente, segundo o disposto os artigos 7 e 9 do Real decreto 418/2015, do 29 de maio.

Artigo 17. Xestión e prazos.

1. A xestión do mecanismo de almacenamento, previamente efectuado polas OPP ou AOP, corresponderá á Administración xeral do Estado.

As áreas funcionais de agricultura e pesca das delegacións do Goberno efectuarán a verificación sobre o terreo, mentres que a Secretaría Xeral de Pesca liquidará as axudas correspondentes, segundo o disposto no número 5.

2. Segundo o establecido no artigo 112 do Regulamento de execución (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011, que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, mediante resolución da Secretaría Xeral de Pesca designaranse como axentes os funcionarios das áreas funcionais de agricultura e pesca que realicen a verificación sobre o terreo do mecanismo de almacenamento. Non será necesaria a dita designación no caso dos inspectores de Pesca da Administración xeral do Estado.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente porá á disposición das OPP e áreas funcionais de agricultura e pesca das delegacións do Goberno, a través da aplicación informática establecida no artigo 6, un módulo para a xestión do mecanismo de almacenamento.

4. As OPP comunicarán á Administración competente, no primeiro trimestre do ano, o nome da persoa ou persoas que actuarán como expertos designados pola organización de produtores, en cumprimento do disposto no artigo 12.1 do Regulamento (CE) n.º 2406/96 do Consello, do 26 de novembro de 1996, polo que se establecen normas comúns de comercialización para determinados produtos pesqueiros, ou norma que o substitúa.

5. As OPP e AOP poderán percibir apoio financeiro pola aplicación do mecanismo de almacenamento, segundo o previsto no artigo 67 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, sen prexuízo do disposto nas bases reguladoras e convocatorias correspondentes.

Disposición adicional primeira. *Infraccións e sancións.*

O incumprimento do disposto neste real decreto será sancionado de conformidade co establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, na Lei 38/1994, do 30 decembro, no Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro, no Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, así como no marco dos programas de control establecidos no artigo 7 do presente real decreto, sen prexuízo da normativa autonómica que os afecte.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Adaptación das organizacións profesionais existentes.*

As organizacións profesionais xa recoñecidas permanecerán recoñecidas cando entre en vigor o presente real decreto, clasificaranse de oficio na súa modalidade e segmento correspondente e inscribíranse no rexistro regulado no artigo 8. Non obstante, antes do 31 de decembro de 2018, todas as organizacións profesionais deberán ter adaptado a súa estrutura e funcionamento ao disposto no presente real decreto.

Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, as OPP cuxa resolución inicial de recoñecemento inclúa varios segmentos dos establecidos no artigo 2.4 serán clasificadas de oficio no segmento cuxa representatividade económica sexa maior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

1. Real decreto 724/2003, do 13 de xuño, polo que se regulan as organizacións de produtores da pesca e da acuicultura e as súas asociacións.
2. Orde do 1 de setembro de 1998 pola que se desenvolve o rexistro de organizacións de produtores pesqueiros e as súas asociacións.

Disposición derradeira primeira. *Carácter de normativa básica.*

Este real decreto constitúe lexislación básica en materia de ordenación do sector pesqueiro ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución española, polo que respecta á regulación das organizacións de produtores da pesca e as súas asociacións, e en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, polo que respecta á regulación das organizacións de produtores da acuicultura e as súas asociacións e das organizacións interprofesionais representativas.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de xuño de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA